

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0018	UDP/2022/5
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4927 2S0J 4709 3522 0Y2R	

CFP

RESOLUCIÓN

Visto o informe de data 22 de abril de 2022 (UDP16I0017), emitido por Carlos Fernández Puyol, xefe de servizo de Deportes e Participación Cidadá, que literalmente di:

“Carlos Fernández Puyol, xefe de servizo de Deportes e Participación Cidadá.

INFORMO:

Con data 14/03/2022 foi presentada co documento UDP16I000N a solicitude por parte deste concello para participar na Campaña de CAMPAMENTOS DE VERÁN 2022 organizada pola Deputación da Coruña.

Dita campaña está dirixida a nenos e nenas nados de entre o 1 de xaneiro de 2008 e 31 de decembro de 2013 e terá lugar I.E.S, Rosalía Mera (A Coruña),sendo a quenda correspondente a Culleredo do 26 de xuño ao 1 de xullo de 2022.

O prezo de inscrición é de 85,00 € (oitenta e cinco euros) e os participantes deberán estar empadroados en Culleredo., tendo prioridade os nenos e nenas que nunca asistiran a campañas de verán organizadas pola Diputación da Coruña

O Concello de Culleredo ten adxudicadas 13 PRAZAS. En caso de ter máis solicitudes que número de prazas concedidas, realizarase un sorteo público para adxudicar aquelas.

O prazo de inscrición é do 27 de abril ao 20 de maio de 2022 e deberán presentarse as inscricións a Alcaldía-Presidencia no rexistro xeral do Concello no modelo debidamente cumprimentado (Casa Concello Tarrío), no rexistro auxiliar sito no Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo), sendo necesaria a solicitude de cita previa e na sede electrónica ou poderán presentarse en calquera outra forma prevista na Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. “

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir o prazo para a presentación de solicitudes de participación na Campaña de Campamento de Verán sendo aquel do 27de abril ao 20 de maio de 2022, ambos incluídos.

O prazo de inscrición é do 27 de abril ao 20 de maio de 2022 e deberán presentarse as inscricións a Alcaldía-Presidencia no rexistro xeral do Concello no modelo debidamente cumprimentado (Casa Concello Tarrío), no rexistro auxiliar sito no Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo), sendo necesaria a solicitude de cita previa e na sede electrónica ou poderán presentarse en calquera outra forma prevista na Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Segundo.- Publicar dito prazo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Culleredo.

Código do documento	Código do expediente
UDP16I0018	UDP/2022/5
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4927 2S0J 4709 3522 0Y2R	

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo,

A proposta de
O xefe de servizo de Deportes e
Participación cidadá

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
A concelleira delegada de Política social e
Promoción do Deporte

*P.D. (Resolución do 16.12.2020,
BOP núm. 225 de 31.12.2020)*

Dou fe,
A secretaria xeral

2 de 2